



## NOTA DOS BISPOS DA PROVINCIA ECLESIAÍSTICA DE SANTIAGO ANTE A SOLEMNIDADE DE SAN XOSÉ

A persoa e a vida de San José teñen na historia da nosa salvación unha importancia que foi recoñecida sempre pola Santa Igrexa, a cal nas súas leis canónicas e na súa disciplina litúrxica propón a súa festa como día de precepto (cf. canon 1246). Tradicionalmente o pobo cristián secundou esta norma dando un significativo realce familiar e social á festa do 19 de marzo.

Neste ano 2023, o día 19 de marzo, **Solemnidade de San Xosé, esposo da Virxe María** e festa de precepto en España, coincide co IV domingo de Coresma. Con todo, ese día prevalecen liturxicamente as celebracións do domingo de Coresma.

En consecuencia, co desexo de sinalar o tratamento debido que dita festa debe ter por parte da comunidade católica, e tendo en conta a importancia que San Xosé ten na vida da Igrexa e na tradición cristiá dos nosos pobos, os Bispos da Provincia Eclesiástica de Santiago, para coñecemento dos fieis, dispoñemos:

1. Trasladar ao luns 20 de marzo, a Festividade litúrxica de San Xosé. Con todo, o traslado da Solemnidade non implica o traslado do precepto. Por tanto, o **20 de marzo, luns, non é día de precepto**. O fiel cristián que participe na Eucaristía dominical cumprirá o precepto de San Xosé.
2. Seguindo o calendario litúrxico, a Solemnidade de San Xosé celebrarase **unicamente ao longo do día 20 de marzo**. Convídase os fieis a que, na medida das súas posibilidades, participen na Eucaristía deste día.
3. Por razóns pastorais, a Xornada do Día do Seminario celebrarase a **tarde do sábado, día 18, e o domingo, día 19 de marzo**.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2023.

+ Julián, Arcebispo de Santiago.

+ Luis, Bispo de Tui-Vigo.

+ Alfonso, Bispo de Lugo.

+ José Leonardo, Bispo de Ourense.

+ Fernando, Bispo de Mondoñedo-Ferrol.

+ Francisco José, Bispo Auxiliar de Santiago.